Centaurium erythraea Rafn., 1800

- casida, herba do fel, fel da terra, escurripa, centáurea menor
- centaurea menor, hiel de la tierra, siete sangrías
- lubeazum
- centaura
- common centaury
- fel da terra



DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Gentianales**	**Gentianaceae**	***Centaurium***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Herba bienal, con talos solitarios a maioría das veces, ramificados superiormente, que acadan 10-30 cm. Follas opostas, as basais en mouta, elípticas ou algo espatuladas de 1-5 x 0,8-2 cm, sendo as caulinas moito menores, estreitas e agudas. Disposición floral en acios cunha superficie máis ou menos plana. As flores, rosáceas, de 1-1,5 cm de diámetro, aparecen sésiles ou case sésiles en cimas mestas corimbiformes. Lóbulos da corola de 5-6 mm. Froito en cápsula máis longa có cáliz. Florece de xuño a agosto.

HÁBITAT

Medra en pasteiros desenvolvidos sobre solos margosos pouco permeables e húmidos durante a primavera; tamén en claros e bordos de bosques e matogueiras, pastos, terreos baldíos e terrapléns. Dende o nivel do mar ata os 500 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Aparece na maior parte de Europa, amplamente distribuída por toda a Península Ibérica.

CURIOSIDADES

Chámanlle "fel da terra" porque é moi amarga. Pódese facer unha infusión das plantas secas, que se usa como tónico.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor